NOTA DE PRENSA

MARCO
MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

EXPOSICIÓN

ABERTO POR OBRAS. *Procesar*

14 outubro 2005 – 22 xaneiro 2006 **ESPAZO ANEXO**

DATAS
14 outubro 2005 - 22 xaneiro 2006

LUGAR
Espazo Anexo (praza peonil posterior)

HORARIO
martes a sábado (festivos incluídos), de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00
Domingos, de 11:00 a 14:00
ENTRADA GRATUÍTA

PRODUCIÓN
Esta exposición é un proxecto dun grupo de investigación vencellado á Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Universidade de Vigo, en colaboración co MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

ARTISTAS PARTICIPANTES: 6

- **Fruela Alonso** (Laviana, Asturias, 1974)
  Licenciado en Belas Artes. Especialidade de Pintura
- **Loreto Blanco** (Moaña, Pontevedra, 1964)
  Profesora de Pintura na Facultade de Bellas Artes de Pontevedra
- **Itziar Ezquieta** (A Coruña, 1975)
  Licenciada en Belas Artes. Especialidade de Pintura
- **Jesús Hernández** (Salamanca, 1963)
  Profesor de Pintura na Facultade de Bellas Artes de Pontevedra
- **Juan Carlos Meana** (Vitoria, 1964)
  Profesor de Pintura na Facultade de Bellas Artes de Pontevedra
- **Jesús Pata** (Pontevedra, 1971)
  Licenciado en Belas Artes. Especialidade de Pintura

OBRAS EN EXPOSICIÓN

Ademais das obras en exposición (pinturas, instalacións, fotografías), o proxecto inclúe unha serie de accións a desenvolver polos artistas participantes (*performances*, intervencións) no propio Espazo Anexo, entre os días 20 de outubro e 27 de novembro de 2005.

NOTA DE PRENSA

MARCO
MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

SÍNTESE DO PROXECTO EXPOSITIVO

"ABERTO POR OBRAS. Procesar" ten como punto de partida o labor de investigación sobre os procesos de creación artística por parte dun grupo de traballo vencellado á Facultade de Belas Artes de Pontevedra, con diferentes aplicacións e particularidades, tanto na reflexión sobre a actividade creadora como na práctica de taller.

O proxecto a desenvolver no Espazo Anexo ten dous eixos de actuación: por unha banda, a apertura da creación individual cara ao colectivo, centrándose nun diálogo que permita múltiples e variadas intervencións de cada un dos artistas. Por outra, a apertura do espazo de taller (creación) ao espazo da exposición (difusión), fomentando a interconexión entre ámbalas dúas funcións. En consecuencia, a idea consiste máis nun proxecto de traballo que no plantexamento habitual dunha exposición.

Como reflexión sobre a propia actividade creadora, tómase como pretexto e punto de partida o mito de Acteon e Diana (*Metamorfose* de Ovidio), e desenvólvense varios dos aspectos que nel aparecen –desexos, medos, seducións, castigos, invisibilidades, frustracións, impotencias– para establecer un recorrido por diferentes procesos de creación.

O Espazo Anexo convértese así nun ámbito de experimentación aberto e activo, onde, partindo das obras expostas inicialmente, ten lugar un proceso de traballo no que os artistas dialogan e experimentan co propio espazo e cos visitantes, xerando novos resultados, nunha transformación continua do proxecto expositivo. Isto supón unha nova relación co espectador, ao que se lle ofrece un lugar aberto no que a experiencia creativa se modifica cada día.

Queda por saber en que medida esta interacción co público afectará ou condicionará o proceso e os seus resultados. Os participantes pretenden que toda interacción se aborde de xeito construtivo, asimilando a riqueza de ideas que este aspecto poida aportar. Algo, por outra banda, que os artistas realizan a diario nos seus respectivos talleres ou lugares de traballo: recoller as influencias que proveñen do exterior e deixalas peneirar pola sensibilidade e o pensamento de cada quen.

Como resultado final deste proceso, as salas do Espazo Anexo, transformado por un tempo nun lugar "aberto por obras", volverán a acoller a disposición das obras como espazo expositivo.

CALENDARIO DE ACCIÓNS

- Loreto Blanco. *Poner en luz* [Poñer en luz], 2005
  xoves 20 e 27 de outubro; xoves 3, 10 e 17 de novembro, ás 18.30

- Jesús Hernández. *Busco Dulcineas*, 2005
  venres 21 de outubro; venres 11, 18 e 25 de novembro, ás 18.30
  domingo 23 de outubro; domingos 6, 13, 20 e 27 de novembro, ás 12.00

- Juan Carlos Meana. *Confidencias del deseo* [Confidencias do desexo], 2005
  sábado 22 de outubro; sábado 12 de novembro, ás 19.30

Rúa Príncipe 54. 36202 Vigo, España. Tel: 986 113900. Fax 986 11 39 01 info@marcovigo.com www.marcovigo.com

NOTA DE PRENSA

MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

SELECCIÓN DE TEXTOS DOS ARTISTAS PARTICIPANTES

"Tómase como punto de partida a idea que subxace no libro de Pierre Klossowski *El baño de Diana*, e no propio mito de Diana, onde o mesmo que se conta é o que se deixa ver, pero para levarnos sempre máis aló (...) Pasando ao outro lado atópase o desvelamento, xa non da imaxe en si, nin do que a imaxe pretende dicir como tal, senón da imaxe máis alá de si mesma, da imaxe que se pensa a si mesma (...); metáfora, símbolo, alegoría, chámese como se queira, da idea inalcanzable da idea-imaxe-pensamento ao que o artista intenta achegarse, que se nega a presentarse, a facerse visible-palpable (...)

Un dos cadros está formado por dúas pezas que se superpoñen, separadas entre si por uns 50/70 cm., e separadas ao mesmo tempo da parede por uns 15/20 cm. A idea é a de que as dúas partes (a fronte e o dorso) formen parte do cadro, e á vez xa non se saiba dicir cal é cal... Cada unha das pezas está pintada deixando traspasar a pintura, e cando se colocan na parede se ve o anverso e o reverso (ao achegarse por detrás). Alén da idea de paisaxe, é un intento de reflexión en torno á propia obra, en torno ao cadro, que se fai autorreferencial. Outro cadro está composto por un bastidor con tea polos dous lados, suxeito á parede por un dos seus cantos; así, ambas caras están pintadas, cun dos cantos cara ao lugar que normalmente ocuparía o espectador.

O que xa perdín é a razón pola que quería facer estas paisaxes que se dilúen nunha forma sen perfiles definidos. Se cadra pola propia dificultade de definir as liñas dunha paisaxe, das liñas que en realidade non hai; pola dificultade de definir o lugar onde comeza e remata unha mancha que define unha forma nunha paisaxe, e pola dificultade de aclarar o lugar onde as cousas comezan e rematan".

Fruela Alonso

'¿En que parte do noso corpo situamos as nosas contencións, os nosos medos, as nosas culpas?'

"A miña proposta xorde a partir deste interrogante, unha pregunta que require contemplación propia, dende unha ollada cuns ollos que teñen que penetrar o puramente superficial, físico, externo, para se internar na verdade agochada que contén a cada quen. A partir desta pregunta presento tres imaxes dun traballo persoal, realizado dende as respostas ofrecidas na miña intimidade. Estas imaxes son impresións dixitais sobre tea e bastidor e fan referencia específica ao lugar onde se sitúan as contencións, os medos, as culpas.

Ademais deste traballo, presento unha proposta de interacción co público, que se realizará en cinco xoves consecutivos dende fins de outubro. Neste caso, a pregunta enunciada máis enriba diríxese aos espectadores e posibles participantes cun sentido específico: pedirlles unha reflexión sobre as súas propias contencións e a súa posible localización, o lugar onde se localizan no seu corpo. A continuación realizarase unha fotografía dixital desas partes do corpo, e tras un traballo de manipulación por computadora, estas imaxes iranse imprimindo e incluíndo no espazo expositivo. O traballo coas fotografías realizarase na mesma sala, nos días previamente anunciados para esta actividade".

Loreto Blanco

NOTA DE PRENSA

O (non) LUGAR DESEXO

"O lugar do (non) desexo, unha zona indescifrable para a que ninguén ten resposta coherente, un lugar que sempre se nos escapa, que sempre se atopa en fuga. Encontrarnos e desencontrarnos cada vez que tratamos de acharlle, ou sequera conferirlle arbitrariamente, un sentido. Sempre provisional, sempre insatisfactorio, sempre inencontrable. A peza que se presenta concíbese como proxecto aberto e inconcluso, en relación con ese espazo incoherente que constitúe o desexo. Conformar un lugar de ausencias, de reflexos e de retratos, de posibilidades na busca do outro, do ser amado, do ausente por excelencia; apoderándose del sen tocalo, achegándose a el dende unha ollada distanciada."

'Desexo, que é algo que se experimenta necesariamente en función do outro, xa que logo forzosamente o desexo é o desexo do que non se ten (Platón, O banquete). O desexo vívese en estado de ansiedade'

Itziar Ezquieta

"O traballo que se presenta fai unha pescuda sobre as posibilidades do desexo, un dos temas que aparece no mito do cal parte a exposición, e pretende colocar o espectador fronte a algúns dos interrogantes que dende a vivencia máis inmediata pode presentar a idea de desexo. Sendo o desexo algo que circula nos actos da nosa vida, as obras pretenden remitirnos a ese momento no que nos interrogamos sobre eles e sobre a acción mesma de desexar.

Os espellos que aparecen nas dúas obras son espazos abertos para a interrogación das nosas propias querenzas, tanto na súa versión escultórica na obra *El olvido de los deseos [O esquecemento dos desexos]*, coma na acción *Confidencias del deseo [Confidencias do desexo]*, que presenta unha pescuda cara atrás cunha clara intención de establecer relacións entre o presente e o pasado dos desexos."

Juan Carlos Meana

"A primeira das dúas pezas que presento no Espazo Anexo –*Sin título (a partir del mito de Diana y Acteón),* 2005 [*Sen título (a partir do mito de Diana e Acteón), 2005]*– tenta xerar unha reflexión en torno ao concepto de imaxe (representación) en tanto que forma simbólica de coñecemento e identidade. O punto de partida é o mito. A ansia de coñecemento supón a derrota de Acteón. Descubre a deusa e, tentando aprehender a súa imaxe, descóbrese tamén a si mesmo. O seu castigo: a imposibilidade de expresalo. A toma de conciencia do seu ser temporal. A morte. A derrota. A mesma coa que o espectador se atopará cando tente verse reflectido nos fragmentos de espellos, ou nunha pantalla na que xamais se verá reflectido frontalmente, mentres a súa sombra se proxecta fronte a el sobre a parede da sala."

"Na segunda obra –*Retratos: naturalezas muertas,* 2005 [Retratos: naturezas mortas, 2005]– entendo os dous conceptos como equivalentes; como pegadas dunha identidade; como reflexos. Forma-corpo-tempo. Imaxes. En esencia encarnación poética (plástica) dunha mesma pregunta e tema constante en todo o meu traballo plástico e teórico. Este caso tenta ser un esforzo de concreción e contextualización. Nace en diálogo directo coa proposta anterior. En certa medida son complementarias. O seu título podería ter sido "o ser e o tempo".

Jesús Pata

NOTA DE PRENSA

MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

DATOS BIOGRÁFICOS DOS ARTISTAS PARTICIPANTES

Todos os artistas participantes forman parte do Grupo de Investigación "Os compoñentes do proceso creativo: a súa importancia e funcionamento na produción de obras artísticas (PI1)". Departamento de Pintura, Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Universidade de Vigo

Fruela Alonso (Laviana, Asturias, 1974)

- Licenciado en Belas Artes (especialidade de Pintura) pola Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Universidade de Vigo
- Entre 1999 e 2001, programa de Doutoramento "Alternancias en torno ao debuxo", Departamento de Debuxo, Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Universidade de Vigo

EXPOSICIÓNS INDIVIDUAIS

1997 *Gesto contra razón*. Casa de la Cultura de La Felguera, Asturias
2003 *Caminos hacia un paisaje. Miradas virxes*, Centro Torrente Ballester, Ferrol

Loreto Blanco (Moaña, Pontevedra, 1964)

- Doutora en Belas Artes pola Universidad del País Vasco
- Dende 1992, Profesora Titular de Pintura na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Universidade de Vigo

EXPOSICIÓNS INDIVIDUAIS

1984 Casa de Cultura, Concello de Vigo
1988 Galería Kaska y Windsor, Bilbao
Metáforas sobre la casa y el mar. Aula de Cultura de Sestao
Aula de Cultura da Caja de Ahorros Municipal de Bilbao
1991 Galería Bacelos, Vigo
Pinemas. Galería Vanguardia, Bilbao
Acechos. Galería Bacelos, Vigo
Gente Menuda. Galería Bacelos, Vigo
2000 *Cosmos* (exposición de pintura). Museo La Fábrica, Abarca de Campos, Palencia
Creación dunha escultura permanente no xardín exterior. Museo La Fábrica, Palencia
Luces. Galería Bacelos, Vigo
2005 *Peticionarias*. Galería Bacelos, Vigo
Peticionarias. Galería Windsor, Bilbao

Itziar Ezquieta (A Coruña, 1975)

- Licenciada en Belas Artes (especialidade de Pintura) pola Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Universidade de Vigo
- Entre 2000 e 2002, programa de Doutoramento "Contemplarse para comprenderse: identidades múltiples na creación artística en torno á mirada", Departamento de Pintura, Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Universidade de Vigo

EXPOSICIÓNS INDIVIDUAIS

1999 *Ovodos*. El Masón, Pontevedra
2001 *Sitios S/T.* Galería Anexo, Pontevedra
2002 *( ). Espacio para el Arte*. Sala Pórtico, El Correo Gallego, Santiago de Compostela
2003 *IDENTIDADes. FRÁGIL. Gracias*. Caja Madrid, Pontevedra
RED. Galería Paloma Pintos, Santiago

NOTA DE PRENSA

MARCO
MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

Jesús Hernández (Salamanca, 1963)

- Catedrático de Pintura na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Universidade de Vigo

EXPOSICIÓNS INDIVIDUAIS

1985 Pintura. Sala Caja Postal, Zamora
Pintura. Sala Provincia, León
Pintura. Torreón de Lozoya, Segovia
1986 Escultura. Patio Escuelas, Salamanca
1988 Pintura. Caja de Ahorros, Salamanca
1990 Obra gráfica e instalación. Casa Lis, Salamanca
1998 *Diálogo en H*. Instalación. Galería Bacelos, Vigo
2001 *Sentidos del mirar*. Galería Bacelos, Vigo
2002 *Desvelos e vigilias*. Pazo da Cultura, Pontevedra
2003 *Arte en Pontevedra*. Pazo da Cultura, Pontevedra

Juan Carlos Meana (Vitoria, 1964)

- Doutor en Belas Artes pola Universidad del País Vasco
- Profesor Titular na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Universidade de Vigo

EXPOSICIÓNS INDIVIDUAIS

1986 Casa de Cultura, Vitoria-Gasteiz
1987 *Límites*. Casa de Cultura, Vitoria-Gasteiz
1988 Galería Kaska y Windsor, Bilbao
1989 Galería Bernanos, París
El peso y la levedad. Trayecto Galería, Vitoria-Gasteiz
1991 *Ciclos*. Trayecto Galería, Vitoria-Gasteiz
1993 *Tiempo y memoria*. Trayecto Galería, Vitoria-Gasteiz
1994 *La corrección de los deseos (Tiempo y memoria).* Galería El Diente del Tiempo, Valencia
1995 *Perezas y anhelos*. Galería Bacelos, Vigo
1997 *Yaceres*, Trayecto Galería, Vitoria-Gasteiz
Las miradas pendientes. Museo La Fábrica, Abarca de Campos, Palencia
1998 *Obra Única* (con Iñaki Cerrajería), Trayecto Galería, Vitoria-Gasteiz
1999 *Sospecha y Conspiración*. Galería Bacelos, Vigo
2001 *Lo que hay que hacer, lo que hay que dejar*. Sala Amárica. Museo de Bellas Artes de Álava, Vitoria-Gasteiz
2002 *Enseres, estares*. Galería Bacelos, Vigo
2003 *Entre la necesidad y la imposibilidad*. Sala Carlos III, Universidad Pública de Navarra, Pamplona
Convictos y disidentes. Asociación cultural 'A carón do mar', Cangas do Morrazo, Pontevedra
2004 *Sin yo*. Trayecto Galería, Vitoria-Gasteiz

Jesús Pata (Pontevedra, 1971)

- Licenciado en Belas Artes (especialidade de Pintura) pola Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Universidade de Vigo
- Doutor en Humanidades pola Universidad Pompeu Fabra, Instituto Universitario de Cultura, Barcelona

EXPOSICIÓNS COLECTIVAS

2001 Novos Valores. Deputación de Pontevedra.
I certame "Novos Valores" Auditorio de Galicia. Xunta de Galicia. Concello de Santiago de Compostela.
2002 Colectiva de Gravado. Pontevedra
II certame "Novos Valores" Auditorio de Galicia. Xunta de Galicia. Concello de Santiago de Compostela.

NOTA DE PRENSA

MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

SOLICITUDE DE MATERIAL GRÁFICO

EXPOSICIÓN

"ABERTO POR OBRAS. *PROCESAR*"

MATERIAL GRÁFICO DISPONIBLE PARA A PRENSA:

CD con textos e fotos da exposición, en diferentes formatos.

SE DESEXA RECIBIR DOCUMENTACIÓN, CUBRA E ENVÍE ESTE DOCUMENTO POR CORREO ELECTRÓNICO, FAX OU CORREO POSTAL A:

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
Rúa Príncipe 54
36202 Vigo (Pontevedra)

Departamento de Comunicación e Relacións Externas

Marta Viana Tomé
Pilar Souto Soto
Tel. +34 986 113908 / 113903
Fax +34 986 113901
marta.viana@marcovigo.com
pilar.souto@marcovigo.com

Prégase especificar o formato da imaxe, así como o medio de comunicación para o que solicita a documentación

Formato desexado:		
Nome e apelidos:	Temas de interese:	Teléfono:
Cargo:	Enderezo:	Fax:
Medio de Comunicación:	Código postal e cidade:	E-mail:
Sección/ Programa:	Enderezo alternativo:	Outros:

Solicitamos que remitan un exemplar da reseña que publiquen ao noso Departamento de Comunicación.